

2015

APE GALICIA

Asociación intersectorial e
interterritorial de autónomos e
pequenas empresas de Galicia

BOLETÍN FEBREIRO

AXUDAS PARA OS COMERCIANTES
AXUDAS PARA O SECTOR GANDEIRO
A SEGUNDA OPORTUNIDADE DO EMPRENDEDOR
BONIFICACIÓNS POR CONCILIACIÓN
EXENCIÓN PAGO DE TAXAS XUDICIAIS
EXENCIÓN TRIBUTACIÓN IMPOSTO DE SOCIEDADES

[Subvencións para a mellora da imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retalista e artesanal galego]

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 11/03/2015]

OBXECTIVO: As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións para a mellora de imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retalista e artesanal galego..

INVESTIMENTOS COMPUTABLES

1) Para os comerciantes retalistas:

a) Acondicionamento do local comercial, sempre que a superficie resultante non supere os 150 m². Máximo subvencionable 10.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 40 %.

b) Medidas orientadas á mellora da imaxe exterior e adquisición de moblaxe e equipamento dedicado ao desenvolvemento da actividade comercial e para uso exclusivo na superficie de venda.

Máximo subvencionable de 5.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 40 %.

2) Para os comerciantes retalistas e titulares de obradoiros artesanais:

a) Ferramentas ou programas informáticos que melloren a xestión do establecemento/obradoiro e o deseño dos seus produtos.

Máximo subvencionable será de 4.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

b) Desenvolvemento e implantación de sistemas de empaquetado e etiquetaxe

dirixido a mellorar a loxística e a comercialización do produto e o deseño da súa presentación.

Máximo subvencionable será de 5.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

c) Novos sistemas de comercialización que combinen o comercio *online* e *offline*, poñendo á disposición dos clientes recursos tecnolóxicos, así como a implantación e actualización de páxinas web ou aplicacións para dispositivos móbiles, dirixidas a mellorar a comercialización dos produtos e que contén con tenda *online* e pasarela de pagamento.

Máximo subvencionable será de 6.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.



d) Novos sistemas de comercialización e información ao consumidor que impliquen a utilización das redes sociais para a venda. Quedan

excluídas deste punto as accións de publicidade.

Máximo subvencionable será de 8.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

Os beneficiarios só poderán solicitar unha actuación por cada epígrafe, e o investimento máximo subvencionable por beneficiario será:

Para os comerciantes retalistas 38.000,00 € (IVE excluído) e para os titulares de obradoiros artesanais 23.000,00 € (IVE excluído) e a porcentaxe de subvención a que se especifica en cada epígrafe.

3) Para as **federacións de comerciantes:**

a) Para o desenvolvemento do m-commerce, aplicacións informáticas (Apps) e webs para teléfonos móbiles. No deseño incluírase como mínimo: deseño gráfico da aplicación, desenvolvemento e a publicación nas plataformas, así como os idiomas. Deberán incluír actividades de promoción, publicidade, ofertas, etc.

Os proxectos que se implanten deberán implicar polo menos 50 establecementos comerciais.

Investimento máximo subvencionable será de 6.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

4) Para as **asociacións profesionais de artesáns:**

a) Sistemas que, engadidos ao produto ou ao seu empaquetado ou envase completen a súa información, sinalando o proceso de elaboración, a historia, a rastrexabilidade ou outros valores engadidos.

Neste caso, os proxectos que se implanten deberán implicar polo menos 20 obradoiros.

Máximo subvencionable será de 90.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 70 %.

b) Proxectos de deseño e creación de novos produtos a partir da colaboración de dous ou máis artesáns e un deseñador.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 80.000,00 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 70 %.

REFERENCIA LEXISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150211/AnuncioCA04-040215-0003_gl.html



[Axudas de compensacións complementarias e axudas para a reposición dos animais en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución de programas oficiais de erradicación de enfermidades

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 24 DE MARZO]

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras das axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación de gando bovino, ovino e cabrún, rexistrada en Galicia, por motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais e das axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas explotacións rexistradas en Galicia en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, despois do diagnóstico dunha enfermidade.

BENEFICIARIOS

1. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas de compensacións complementarias por **lucro cesante** as persoas titulares (físicas e xurídicas) de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas en que se sacrificase ou destruíse de forma preventiva a totalidade do seu censo, por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación.

2. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas para a **compra de animais de reposición**, as persoas titulares (físicas e xurídicas) de explotacións bovinas, ovinas e cabrúas, en que se ordenase o sacrificio obrigatorio de animais existentes nelas, e como consecuencia do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa

ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, así como as persoas titulares daquelas explotacións onde morresen ou se practicase a eutanasia de animais das ditas especies, por mor dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación, ou por mor dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

3. As persoas solicitantes (físicas e xurídicas) das axudas establecidas nesta orde, para seren beneficiarias delas deberán ter a condición de pemes

REFERENCIA LEXISLATIVA

http://www.medioruralemar.xunta.es/uploads/media/AnuncioG0165-160215-0003_gl.pdf



O seu obxectivo é o de normalizar a situación daqueles que contraeron un endebedamento excesivo, polo que se crea un sistema específico para resolver a insolvencia das persoas físicas. Desta forma, o Real Decreto Lei establece unha segunda oportunidade no ámbito concursal para debedores de boa fe con cargas que inclúe, por primeira vez, ás persoas físicas.

Ampliáanse e flexibilizan os acordos extraxudiciais de pagos para mellorar a súa eficacia e facilitar a reestruturación de débedas de forma áxil e sinxela. Os particulares tamén poderán acceder a estes acordos, ademais dos empresarios e empresas.

Mediador: refórzase e flexibiliza a figura do mediador, cuxa labor consiste en impulsar a negociación para facilitar acordos de reestruturación de débedas entre as partes.

Exoneración de débedas: Establécese un sistema de "perdón" de débedas bastante máis flexible:

-Cando non se puideron satisfacer créditos e sempre que o debedor acepte someterse a un plan de pagos durante o cinco anos seguintes para o abono das débedas non exoneradas o debedor poderá quedar exonerado do resto dos seus créditos, excepto os públicos e por alimentos.

Con todo, ao afectado non lle serán perdoadas todas as

débedas. Entre as excepcións atópanse os créditos públicos (como as débedas con Facenda ou coa Seguridade Social), os créditos contra a masa (como os gastos de administración do propio concurso de acredores), os créditos con privilexio xeral (aqueles que non se constituíron sobre un ben en concreto, como os soldos dos traballadores) ou os créditos por alimentos (como sería unha pensión alimenticia). Nestes casos, o beneficiario terá un prazo de cinco anos para proceder ao seu pago.



-En caso de acredores con garantía real, a parte que poderá exonerarse será aquela que non quedase cuberta na execución da garantía

-A exoneración de débedas poderá revogarse no citado prazo de cinco anos a solicitude dos acredores cando se acredite que se ocultaron ingresos ou bens ou o debedor consegue unha substancial mellora da súa situación.

Exencións do IRPF: Quedarán exentas de IRPF as rendas que puidesen porse de manifesto como consecuencia de quitas e daciones en pago de débedas, establecidas nun convenio, nun acordo extraxudicial de pagos ou como consecuencia da exoneración de débedas



OS PASOS A SEGUIR

Coa nova normativa, o primeiro que deberá facer o debedor é **tratar de chegar a un acordo extraxudicial cos seus acredores**, para o que o Executivo establece un prazo aproximado de dous meses.

Se este non é posible, o afectado poderá **declararse en concurso de acredores** -algo que até a data só podían facer as persoas xurídicas-, pero para iso deberá acudir a un **xuíz de primeira**

instancia e non a un mercantil, como sucedía até agora. É aquí onde se inicia o proceso supervisado pola Xustiza. A partir deste, o xuíz procederá á liquidación dos bens do afectado para que, finalmente, poida beneficiarse da exoneración deses pasivos.

REFERENCIA LEXISLTATIVA

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/02/28/pdfs/BOE-A-2015-2109.pdf>

PRENSA

<http://www.eleconomista.es/firmas/noticias/6521238/03/15/LAS-CLAVES-DE-LA-SEGUNDA-OPORTUNIDAD.html>

<http://cincodias.com/cincodias/2015/03/02/economia/1425286553634721.html>

[BONIFICACIÓN A TRABALLADORES AUTONOMOS PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSONAL E PROFESIONAL

B.O.E 28/02/2015]

Os traballadores incluídos no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos terán dereito, por un prazo de até doce meses, a unha bonificación do 100 por cen da cota de autónomos por continxencias comúns, que resulte de aplicar á base media que tivese o traballador nos doce meses anteriores á data na que se acolla a esta medida o tipo de cotización mínimo de cotización vixente en cada momento establecido no citado Réxime Especial nos seguintes supostos:

a) Por coidado de menores de 7 anos que teñan ao seu cargo.

b) Por ter ao seu cargo un familiar, por consanguinidade ou afinidade até o segundo grao inclusive, en situación de dependencia, debidamente acreditada..

Trátase de aplicar aos autónomos unha axuda similar á que gozan as empresas para substituír aos traballadores durante o período de baixa maternal, que se denomina 'custo cero' porque non se pagan cotizacións polo contrato de substitución; e neste caso a bonificación aplícase sobre a cota do autónomo.




Estas son dez cuestións incluídas na letra pequena desta nova axuda, que está en vigor desde hoxe:

1. Base de cotización: a axuda consistirá nunha bonificación do

100% da cota de autónomos por continxencias comúns, que resulte de aplicar á base media que tivese o traballador nos doce meses anteriores á data que se acolla á medida o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento. Se o traballador leva menos de doce meses de alta, a base media calcularase desde a data na que se inscribiu no Réxime por conta propia.

2. Seguir dado de alta. A aplicación desta bonificación esixirá que o autónomo que contrate a un asalariado para substituírle, deberá seguir en alta no Réxime de autónomos durante todo o **ano do cobro desta axuda e durante o seis meses seguintes** á finalización do contrato.



3. A duración do contrato bonificado do substituto deberá durar **como mínimo tres meses.**

4. Fin da relación laboral. Se o contrato bonificado extínguese antes de que finalice o período dun ano da bonificación --mesmo se se termina durante o tres primeiros meses de duración inicial-- o autónomo poderá volver a beneficiarse desta axuda se contrata a outro traballador como asalariado no prazo máximo de 30 días.

5. Xornada. O contrato que faga o autónomo a un asalariado non poderá celebrarse por unha xornada laboral inferior ao 50% da xornada dun traballador a tempo completo. Ademais, se a contratación é a tempo parcial, a bonificación será do 50% (redución do 50% da cota e non do 100%).

6. Incumprimentos. Se o traballador autónomo incumpre calquera destes requisitos que se lle esixen para gozar desta axuda, estará obrigado a reintegrar o importe da bonificación gozada. Só non estará obrigado a devolver esta axuda se a extinción laboral do traballador contratado obedece a despedimentos obxectivos ou disciplinarios procedentes, ou por causas maiores (dimisións, mortes, xubilación ou incapacidades).

7. Sen asalariados. Só terán dereito a esta bonificación os autónomos que non teñan ningún

traballador asalariado na data de inicio da axuda e durante os doce meses anteriores. A efectos deste requisito, non se considerará asalariado os traballadores interinos contratados para substituír ao autónomo ou autónoma durante a súa baixa por maternidade ou paternidade.

8. Número de axudas. A bonificación poderá gozarse unha vez por cada un dos suxeitos causantes. Isto significa que poderá gozarse doce meses por cada fillo ou familiar que se coide.

9. Outras bonificacións. Esta axuda será compatible co resto de incentivos á contratación por conta allea que existan

10. Período de goce. Se o menor que se vai a coidar cumpriuse o sete anos antes de que se cumpran os doce meses que dura a axuda, o autónomo poderá gozar da bonificación até o termo dos citados doce meses

REFERENCIA LEXISLATIVA

<http://www.boe.es/boe/dias/2015/02/28/pdfs/BOE-A-2015-2109.pdf>

PRENSA

<http://www.expansion.com/agencia/efe/2015/02/27/20460521.html>

http://cincodias.com/cincodias/2015/03/02/economia/1425293621_071608.html?id_externo_rsoc=Fb-AutCosteCero

[EXENCIÓN DE TAXAS XUDICIAIS PARA PERSOAS FÍSICAS

BOE 28/02/2015]

Froito e a mellora da capacidade recadatoria do estado e da mellora da economía, quedarán exentos de pagar taxas xudiciais todas as persoas físicas e, polo tanto, os autónomos, en todas as ordes e instancias.

Trátase dunha medida longamente demandada polos profesionais e que entrou en vigor de forma inmediata tras a súa publicación no BOE.

[EXENCIÓN DE TRIBUTAR POR IMPOSTO DE SOCIEDADES A QUENES INGRESEN MENOS DE 50.000 EUROS ANUAIS

BOE 28/02/2015]

As entidades e empresas cuxos ingresos anuais sexan de menos de 50.000 euros quedan a partir do pasado, 1 de marzo exentas de abonar o imposto sobre sociedades, segundo o real decreto lei de mecanismo de segunda oportunidade e redución de carga financeira aprobado polo Consello de Ministros.

Tras a súa publicación onte no Boletín Oficial do Estado (BOE), a norma entrou en vigor o pasado, 1 de marzo. A medida afecta as entidades cuxos ingresos totais do período impositivo non superen 50.000 euros anuais, e sempre que o importe total dos ingresos correspondentes a rendas non exentas que non supere os 2.000 euros anuais.

Así mesmo, as rendas non exentas deben estar sometidas a retención fiscal, sempre que non estean suxeitas á lei sobre entidades sen ánimo de lucro e non se trate de partidos políticos.